

CONVENIO DE COLABORACIÓN EDUCATIVA ENTRE A UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA E A AXENCIA GALEGA DAS INDUSTRIAS CULTURAIS PARA A REALIZACIÓN DE PRÁCTICAS DE ALUMNOS DO CURSO DE FORMACIÓN CONTINUA “EXPERTO UNIVERSITARIO EN XESTIÓN CULTURAL”.

MEMORIA XUSTIFICATIVA

O *director da Axencia Galega de Industrias Culturais (Agadic)*, **DECLARA:**

Que a *Axencia Galega de Industrias Culturais (Agadic)* formalizou coa **Universidade de Santiago de compostela** o instrumento convencional arriba referido por un período de vixencia que abrangue dende **a data da sinatura** ata o **30 de setembro de 2018**.

Que o instrumento convencional ten por obxecto:

O obxecto deste convenio é regular os termos nos que se desenvolverán as prácticas do alumnado do Curso de Formación continua “Experto Universitario en Xestión Cultural”, edición 2017-2018 na citada entidade colaboradora, de conformidade co establecido na normativa reguladora das prácticas académicas externas da USC e no Real Decreto 592/2014, de 11 de xullo, polo que se regulan as prácticas académicas externas dos estudantes universitarios (BOE do 30 de xullo de 2014).


O convenio fixa os mecanismos de colaboración entre as partes coa finalidade de establecer unha adecuada programación, desenvolvemento e verificación da colaboración.

Que existía converxencia de intereses entre as entidades asinantes en orden á consecución do obxecto referido.

Que o instrumento convencional fundaméntase no seguinte:

A Agadic e a Universidade de Santiago consideran necesario un maior acercamento entre o ámbito laboral e a universidade, para facilitar a futura inserción laboral dos universitarios mediante a alternancia da súa formación teórica con prácticas externas, acadando ó mesmo tempo a mellor cualificación e Inserción no ámbito laboral.





Que os intereses converxentes das partes asinantes excluían o ánimo de lucro, e non podía satisfacerse axeitadamente mediante a celebración dun contrato dos contemplados na Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector público ou doutro instrumento alleo á natureza estritamente convencional.

En atención ao exposto, e a fin de dar cumprimento ao preceptuado no artigo 15.2. da Lei 1/2016, de 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, estimouse xustificado o recurso á sinatura do instrumento convencional, con exclusión doutras figuras.

E para que conste, asínase esta memoria, en Santiago de Compostela

